

ESPERANDO O AMENCER

Texto e ilustracións de **FABIOLA ANCHORENA**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 21,5 x 28,5 cm. 28 páx. 16,50 €

XV PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA PARA ÁLBUMS ILUSTRADOS

Esperando o amencer (galego)

ISBN 978-84-1343-177-2. Álbum ilustrado. Premio Compostela.

Esperando el amanecer (castelán)

ISBN 978-84-1343-178-9. Álbum ilustrado. Premio Compostela.

Esperant l'albada (català)

ISBN 978-84-18558-56-6. Àlbum il·lustrat: Premi Compostela.

Eguna argitzeko zain (euskara)

ISBN 978-84-9172-300-4. Album irudidunak. Compostela Saria.

Esperando o amanhecer (português)

ISBN 978-84-9172-300-4. Álbum ilustrado. Prémio Compostela.

Aspettando l'alba (italiano)

ISBN 978-84-1343-185-7. Albo illustrato. Premio Compostela.

Hai moito tempo que non vemos o amencer.

Tampouco vemos a Lúa entre as estrelas

nin sentimos a chuvia caer.

É coma se o Sol fuxise moi, moi lonxe.

Estará canso de deixarse ver cada mañá?

Unha absoluta escuridade envolve a selva dende hai tempo. Os seus habitantes estrañan a Lúa e as estrelas pero, sobre todo, o Sol. Lonxe de atopar a súa cálida fonte de vida, os animais descubren a devastación e o pánico ante un inmenso lume que non se nomea. A obra distinguida co XV Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados denuncia a destrución dos pulmóns do planeta a causa dos grandes incendios provocados polo cambio climático e pola acción do ser humano. A autora, Fabiola Anchorena, plasmou a agonía da Amazonia, aínda que podería tratarse de calquera bosque do mundo.

Toda a fauna -terrestre, acuática e voadora- únese nunha causa común, «Esperando o amencer». Un texto poético contrasta coa dureza desta historia, cuxa forza comunicativa recae principalmente nas ilustración: o formato da dobre páxina potencia o efecto cinematográfico das imaxes pola variedade de planos -frontais, aéreos, cenitais, detalles, subxectivos- e a súa secuenciación.

Destaca o maxistral tratamento da cor, coa evolución dende as escenas escuras que permiten mesmo apreciar as sombras, ata a progresiva entrada das chispas e da incandescencia das páxinas, cuxa intensidade vai decrecendo.



- **Temática:** a destrución ambiental da Amazonia.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** animais, natureza, incendios forestais, respecto ao medio ambiente; emocións, compromiso; XV Premio Compostela.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/esperando-o-amencer-g>

Fabiola Anchorena

(Lima, 1983)

Medrou entre Perú e Estados Unidos, estudou arquitectura e dedicase á ilustración, principalmente coa natureza como protagonista. Traballou en iniciativas vencelladas ao sector téxtil e ao deseño corporativo. Dende 2015 é a promotora do proxecto Different Folks Co., onde reúne as súas creacións elaboradas con distintas técnicas de debuxo, gravado e escultura.

<https://differentfolks.co>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

